

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

1639 *Lei orgánica 2/2011, do 28 de xaneiro, pola que se modifica a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

Na súa sesión do 5 de setembro de 2008, a Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados acordou, por proposta de todos os grupos parlamentarios, propor ao Pleno da Cámara a creación dunha subcomisión para examinar as posibles modificacións do réxime electoral xeral.

O informe da subcomisión, aprobado pola Comisión Constitucional con data do 30 de xuño de 2010, propuxo a modificación de diferentes preceptos da LOREX atendendo ás propostas presentadas polos grupos parlamentarios, así como aos informes presentados polo Consello de Estado e a Xunta Electoral Central. Co fin de plasmar as ditas propostas, fórmulase esta iniciativa de reforma da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

Os aspectos sobre os cales incide esta reforma da LOREX son moi numerosos e afectan unha boa parte do articulado da lei.

Nalgúns casos procédese a realizar unha mera actualización da norma en aspectos concretos (denominación de órganos e institucións; contía das sancións; actualización da tipoloxía de penas por delitos e infraccións electorais e contía das multas; conversión en euros e actualización doutras cantidades).

Noutros, introdúcense modificacións de orde técnica que, sen prexuízo da súa indubidable transcendencia sobre o réxime electoral, van dirixidas a dotar de maior precisión a regulación vixente (mellor definición dos prazos de resolución dos recursos polas xuntas electorais; reforzamento da potestade de unificación de doutrina da Xunta Electoral Central; deslindamento das funcións de interventor e apoderado; determinación dos prazos de remisión das papeletas electorais; clarificación das condicións para recibir subvencións electorais e precisións no procedemento de constitución das deputacións provinciais).

E en fin, noutros casos, introdúcense reformas que, pola súa transcendencia, requiren unha mención máis detallada.

II

O primeiro destes supostos garda relación coas modificacións introducidas en materia de censo.

Nos últimos anos a Oficina do Censo Electoral veu ditando distintas instrucións relativas á definición de censo pechado e de censo vixente de cada mes e para unha elección, así como criterios de resolución das reclamacións efectuadas polos electores en período electoral. Sendo o censo electoral o elemento definidor do corpo electoral e, por tanto, un instrumento para a formación da vontade popular, parece conveniente deixar claro na LOREX tanto a definición coma os prazos de censo pechado para os efectos electorais e de prazos de envío de información dos concellos e dos consulados ás delegacións da

Oficina do Censo Electoral, coma os supostos concretos en que os electores poden ver atendidas as súas solicitudes de rectificación dos seus datos censuais en período electoral.

A iso engádesse que o proceso de informatización, tanto da xestión dos padróns municipais coma dos rexistros de matrículas das oficinas consulares, fixo que na actualidade algunhas previsións contidas na LOREX sexan innecesarias ou aconsellen unha maior flexibilidade.

Doutro lado, hai que reforzar as garantías para impedir que os denominados empadroamentos fraudulentos ou de conveniencia con fins electorais consigan o seu obxectivo. Para ese efecto, parece conveniente anticipar un mes a definición de censo pechado para cada elección, así como excluír a posibilidade de solicitar a rectificación do censo por cambio de residencia dunha circunscrición a outra producido nos dous meses anteriores á convocatoria electoral, prazo que será dun ano para os españois que residen no exterior. Ademais, co fin de evitar que as posibles irregularidades por empadroamentos fraudulentos ou de conveniencia teñan efectos electorais, incorpórase un recurso específico unificando na xurisdición contencioso-administrativa a revisión dos actos censuais.

III

Singular referencia merece tamén a reforma do procedemento de votación do censo de españois residentes no exterior.

Seguindo as instrucións da Xunta Electoral Central, régulase un procedemento moi garantista que presenta a importante novidade de lles permitir aos españois que viven no estranxeiro depositaren o voto en urna no consulado durante os tres últimos días de campaña, sen prexuízo de manter o voto por correo para todos aqueles que non se poidan desprazar a votar na dependencia habilitada para o efecto.

Pola súa vez, seguiuise, ademais, a recomendación do Consello de Estado, para unir indefectiblemente o exercicio do dereito de sufraxio en eleccións municipais, locais e forais á condición de veciño dun municipio, tal e como dispón o artigo 140 da Constitución española e, por tanto, figurar inscrito no Censo de españois residentes en España.

IV

En relación coas campañas electorais, a reforma persegue, dun lado, evitar a incidencia dos poderes públicos nelas mediante a realización de campañas institucionais e de inauguración de obras; e doutro, reducir a publicidade e a propaganda electoral durante o período electoral.

Para tal fin circunscríbese a publicidade ao período estrito da campaña electoral. Coa reforma, a contratación da publicidade electoral nos distintos soportes publicitarios só se poderá realizar nos quince días estritos de campaña, o que significa unha redución do peso da publicidade e propaganda e unha maior incidencia na exposición e debate dos programas e propostas concretas que cada partido propoña.

Ligadas á redución da publicidade durante a campaña electoral atópanse as medidas dirixidas á minoración dos gastos electorais. Redúcese o límite máximo de gastos de publicidade que poden asumir as candidaturas en campaña electoral, e conxélanse as subvencións por voto/escano e *mailing* ao longo do ano 2011.

É unha nova medida de axuste para os partidos, continuadora da aprobada durante a legislatura anterior coa modificación da Lei de financiamento de partidos políticos, que mostra o seu compromiso coa redución do gasto na actual situación de crise económica.

V

A reforma incide tamén na publicidade e información electoral nos medios de comunicación.

Dunha parte, estende a prohibición de contratar espazos de publicidade electoral, hoxe vixente para os medios de titularidade pública, ás emisoras de televisión privada.

Doutra, en relación coa información electoral, mantén o respecto aos principios de pluralismo político e social, así como á igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa, no conxunto da programación dos medios de comunicación de titularidade pública durante o período electoral e, na liña do precisado polos acordos da Xunta Electoral Central e a xurisprudencia do Tribunal Supremo, fai extensible ás televisións de titularidade privada o respecto aos ditos principios nos debates e entrevistas electorais, así como na información relativa á campaña electoral, todo iso de acordo coas instrucións e resolucións que, para ese efecto, dite a Xunta Electoral Central.

VI

Introdúcense tamén modificacións que afectan a xornada de votación.

Amplíase, dunha parte, a idade para poder pertencer ás mesas electorais sen que iso entrañe unha nova obrigação exigible aos electores. Adóptanse medidas para que, sen diminución das garantías actualmente existentes, a emisión do voto poida ser persoal ata o mesmo momento de introducir o sobre na urna. Clarifícanse os supostos en que un voto debe ser considerado nulo e fíxase o alcance da remisión que se fai ao Goberno para regular o procedemento de votación para as persoas cegas ou con discapacidade visual.

VII

Unha última mención débese realizar á exigencia doutros tres aspectos do réxime electoral.

O primeiro ten que ver coa exigencia de avais, en termos de números de sinaturas exixibles aos partidos sen representación parlamentaria para poderen presentarse ás eleccións, co fin de saír ao paso de prácticas non admisibles desde a perspectiva da seriedade do procedemento electoral.

O segundo garda relación coa representación dos municipios pequenos, e singularmente co réxime de concello aberto, facilitando a compatibilidade dos principios de representación e de eficacia da xestión municipal.

E o terceiro alude a unha anomalía que incidiu negativamente no sistema democrático e representativo e que se coñeceu como «transfuguismo».

Probablemente con esta reforma non se poderá evitar que sigan existindo «tránsfugas», pero si que coa súa actuación modifiquen a vontade popular e cambien gobernos municipais. Todos os partidos sufriron a práctica de persoas electas nas súas candidaturas que abandonan o seu grupo e modifican as maiorías de goberno. Por iso é unha necesidade imperiosa atopar unha fórmula para que, desde o respecto á doutrina do Tribunal Constitucional, isto non se volva producir. Trátase, en definitiva, dunha medida de rexeneración democrática que contribuirá a eliminar as tensións políticas e sociais e que favorecerá de cara ao futuro a estabilidade na vida municipal.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modifícase nos seguintes termos:

Un. Inclúese un punto 3 ao artigo 2 coa seguinte redacción:

«3. No caso de eleccións municipais, incluídas as eleccións a cabidos, a consellos insulares, ao Consello Xeral do Val d'Aran e a xuntas xerais, é indispensable para o seu exercicio figurar inscrito no Censo de españois residentes en España.»

Dous. A letra k) do punto 1 do artigo 6 queda redactada do seguinte modo:

«k) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e os subdelegados do Goberno e as autoridades similares con distinta competencia territorial.»

Tres. A letra l) do punto 1 do artigo 6 queda redactada do seguinte modo:

«l) O presidente da Corporación de Radio Televisión Española e as sociedades que a integran.»

Catro. A letra e) do punto 3 do artigo 6 queda redactada do seguinte modo:

«e) Os secretarios xerais das delegacións e subdelegacións do Goberno.»

Cinco. O punto 2 do artigo 19 queda redactado do seguinte modo:

«2. Ademais das competencias expresamente mencionadas nesta lei, corresponderán, dentro do seu ámbito territorial, ás xuntas provinciais e de zona as atribuídas á Xunta Electoral Central polas alíneas h), j) e k) do punto anterior. A competencia en materia de imposición de multas entenderase limitada á contía máxima de 1.200 euros para as xuntas provinciais e de 600 euros para as de zona.»

Seis. O punto 1 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«1. Fóra dos casos en que esta lei prevexa un procedemento específico de revisión xudicial, os acordos das xuntas provinciais de zona e, de ser o caso, de comunidade autónoma, son impugnables ante a xunta de superior categoría, que debe resolver durante os períodos electorais no prazo de cinco días e, fóra deles, no de dez días, contados en ambos os casos desde a interposición do recurso.»

Sete. O punto 2 do artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«2. O presidente e os vogais de cada mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, aínda que a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O presidente deberá ter o título de bacharel ou o de formación profesional de segundo grao, ou subsidiariamente o de graduado escolar ou equivalente.»

Oito. O punto 3 do artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os designados presidente e vogal das mesas electorais dispoñen dun prazo de sete días para alegaren ante a xunta electoral de zona causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo. A Xunta resolve sen ulterior recurso no prazo de cinco días e comunica, de ser o caso, a substitución producida ao primeiro suplente. A Xunta deberá motivar sucintamente as causas de denegación das excusas alegadas polos electores para non formaren parte das mesas. En todo caso, considérase causa xustificada concorrer a condición de inelible de acordo co disposto nesta lei. As competencias das xuntas electorais de zona entenderanse sen prexuízo da potestade de unificación de criterios da Xunta Electoral Central.»

Nove. A letra c) do artigo 30 queda redactada do seguinte modo:

«c) Controla e revisa de oficio as altas e as baixas tramitadas polos órganos competentes e elabora un ficheiro nacional de electores, comunicando á Xunta Electoral Central os resultados dos informes, inspeccións e, de ser o caso, expedientes que poida ter incoado referidos a modificacións no censo das circunscricións que determinasen unha alteración do número de residentes significativa e non xustificada.»

Dez. O punto 2 do artigo 31 queda redactado do seguinte modo:

«2. O censo electoral está composto polo censo dos electores residentes en España e polo censo dos electores residentes ausentes que viven no estranxeiro. Ningún elector poderá figurar inscrito simultaneamente en ambos os censos.»

Once. O artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Carácter e vixencia do censo electoral.*

O censo electoral é permanente e a súa actualización é mensual, con referencia ao día primeiro de cada mes.»

Doce. O artigo 35 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 35. *Actualización do censo electoral.*

1. Para a actualización mensual do censo, os concellos enviarán ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral, ata o penúltimo día hábil de cada mes, e na forma prevista polas instrucións do dito organismo, todas as modificacións do padrón producidas nese mes.

2. Se algún concello non cumpre coa obrigaçión establecida no parágrafo anterior, o director da oficina do censo dará conta diso á Xunta Electoral Central para que esta adopte as medidas procedentes.

3. Na actualización correspondente ao primeiro mes do ano xuntaranse, ademais, as altas, coa cualificación de menor, dos residentes que cumpriran dezaoto anos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano seguinte.»

Trece. O artigo 36 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 36. *Actualización do Censo dos residentes no estranxeiro.*

1. Para a actualización do Censo dos electores residentes ausentes que viven no estranxeiro, os consulados tramitarán conforme o mesmo procedemento que os concellos, na forma prevista polas instrucións da Oficina do Censo Electoral, as altas e baixas dos españois que vivan na súa demarcación, así como os seus cambios de domicilio producidos dentro dela ou as solicitudes de cambio de adscrición a unha nova circunscrición. Estas últimas só se admitirán se existe causa suficiente e xustificada para iso.

2. No censo pechado para cada elección non se terán en conta os cambios de adscrición dunha circunscrición a outra producidos no ano anterior á data da convocatoria.»

Catorce. O artigo 37 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 37. *Actualización do censo a cargo do Rexistro Civil e do Rexistro de Penados e Rebeldes.*

Os encargados do Rexistro Civil comunicarán mensualmente ás delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral calquera circunstancia que poida afectar as inscricións no censo electoral.»

Quince. Suprímese o punto 1 do artigo 38.

Dezaseis. Engádese un novo parágrafo ao punto 2 (antigo 3) do artigo 38, coa seguinte redacción:

«2. Os representantes das candidaturas ou representantes dos partidos, federacións e coalicións poderán impugnar o censo das circunscricións que tiveren rexistrado un incremento de residentes significativo e non xustificado que dese lugar á comunicación a que se refire o artigo 30.c), dentro do prazo de cinco días seguintes ao momento en que tiveren coñecemento da referida comunicación.»

Dezasete. O artigo 39 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Rectificación do censo en período electoral.*

1. Para cada elección o censo electoral vixente será o pechado o día primeiro do segundo mes anterior á convocatoria.

2. Os concellos e consulados estarán obrigados a manter un servizo de consulta das listas electorais vixentes dos seus respectivos municipios e demarcacións durante o prazo de oito días, a partir do sexto día posterior ao da convocatoria de eleccións.

A consulta poderase realizar por medios informáticos, logo de identificación do interesado, ou mediante a exposición ao público das listas electorais, se non se conta con medios informáticos suficientes para iso.

3. Dentro do prazo anterior, calquera persoa poderá formular reclamación dirixida á delegación provincial da Oficina do Censo Electoral sobre os seus datos censuais, aínda que só poderán ser tidas en conta as que se refiran á rectificación de erros nos datos persoais, aos cambios de domicilio dentro dunha mesma circunscrición ou á non inclusión do reclamante en ningunha sección do censo da circunscrición malia ter dereito a iso. Non serán tidas en conta para a elección convocada as que reflectan un cambio de residencia dunha circunscrición a outra, realizado con posterioridade á data de peche do censo para cada elección, polo que deberán exercer o seu dereito na sección correspondente ao seu domicilio anterior.

4. Tamén no mesmo prazo os representantes das candidaturas poderán impugnar o censo das circunscricións que nos seis meses anteriores rexistrasen un incremento de residentes significativo e non xustificado que dese lugar á comunicación a que se refire o artigo 30.c).

5. As reclamacións poderanse presentar directamente nas delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral correspondente ou a través dos concellos ou consulados, que as remitirán inmediatamente ás respectivas delegacións.

6. A delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, nun prazo de tres días, resolverá as reclamacións presentadas e ordenará as rectificacións pertinentes, que deberán ser expostas ao público o décimo sétimo día posterior ao da convocatoria. Así mesmo, notificaráselles a resolución adoptada a cada un dos reclamantes e aos concellos e consulados correspondentes.

7. A Oficina do Censo Electoral remitirá a todos os electores unha tarxeta censual cos datos actualizados da súa inscrición no censo electoral e da sección e mesa na cal lle corresponde votar, e comunicarlles igualmente aos electores afectados as modificacións de seccións, locais ou mesas, a que se refire o artigo 24 desta lei orgánica.»

Dezaioito. O punto 1 do artigo 40 queda redactado do seguinte modo:

«1. Contra as resolucións da Oficina do Censo Electoral pódese interpor recurso ante o xuíz do contencioso-administrativo nun prazo de cinco días a partir da súa notificación.»

Dezanove. Inclúense dous puntos 2 e 3 no artigo 50 coa seguinte redacción:

«... 2. Desde a convocatoria das eleccións e ata a súa celebración queda prohibido calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polos poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos, ou que utilice imaxes ou expresións coincidentes ou similares ás utilizadas nas súas propias campañas por algunha das entidades políticas concorrente ás eleccións.

3. Así mesmo, durante o mesmo período queda prohibido realizar calquera acto de inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que as ditas obras ou servizos poidan entrar en funcionamento nese período.»

O resto igual, ben que os vixentes puntos 2 e 3 pasarán a ser os puntos 4 e 5.

Vinte. O artigo 53 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 53. *Período de prohibición de campaña electoral.*

Non se pode difundir propaganda electoral nin realizar ningún acto de campaña electoral unha vez que esta legalmente terminase. A obtención gratuíta de medios proporcionados polas administracións públicas quedará limitada ao período estrito de campaña electoral. As limitacións anteriores establécense sen prexuízo das actividades realizadas polos partidos, coalicións e federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Non obstante o anterior, desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, queda prohibida a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, e non se poderán xustificar as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións recoñecidas no punto anterior.»

Vinte e un. O punto 1 do artigo 54 queda redactado do seguinte modo:

«1. A celebración de actos públicos de campaña electoral réxese polo disposto na lexislación reguladora do dereito de reunión. As atribucións encomendadas nesta materia á autoridade gubernativa enténdense asumidas polas xuntas electorais provinciais, sen prexuízo da potestade da Xunta Electoral Central de unificación de criterios interpretativos.»

Vinte e dous. O punto 3 do artigo 55 queda redactado do seguinte modo:

«3. O gasto das candidaturas neste tipo de publicidade non poderá exceder o 20 por cento do límite de gastos previsto nos artigos 175.2, 193.2 e 227.2, segundo o proceso electoral de que se trate.»

Vinte e tres. A rúbrica da sección 6.^a do capítulo VI do título I queda redactada do seguinte modo:

«*Sección 6.^a Utilización de medios de comunicación para a campaña electoral.*»

Vinte e catro. O artigo 60 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 60. *Publicidade electoral en medios de comunicación.*

1. Non se poden contratar espazos de publicidade electoral nos medios de comunicación de titularidade pública nin nas emisoras de televisión privada.

2. Durante a campaña electoral os partidos, federacións, coalicións e agrupacións que concorran ás eleccións teñen dereito a espazos gratuítos de propaganda nas emisoras de televisión e de radio de titularidade pública conforme o establecido nos artigos seguintes.»

Vinte e cinco. O artigo 66 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 66. *Garantía de pluralismo político e social.*

1. O respecto ao pluralismo político e social, así como á igualdade, proporcionalidade e a neutralidade informativa na programación dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral, serán garantidos pola organización dos ditos medios e polo seu control previstos nas leis. As decisións dos órganos de administración dos referidos medios no indicado período electoral

son impugnables ante a xunta electoral competente de conformidade co previsto no artigo anterior e segundo o procedemento que a Xunta Electoral Central dispoña.

2. Durante o período electoral, as emisoras de titularidade privada deberán respectar os principios de pluralismo e igualdade. Así mesmo, no dito período, as televisións privadas deberán respectar tamén os principios de proporcionalidade e neutralidade informativa nos debates e entrevistas electorais, así como na información relativa á campaña electoral de acordo coas instrucións que, para ese efecto, elabore a xunta electoral competente.»

Vinte e seis. O punto 7 do artigo 69 queda redactado do seguinte modo:

«7. Durante os cinco días anteriores ao da votación queda prohibida a publicación e difusión ou reprodución de sondaxes electorais por calquera medio de comunicación.»

Vinte e sete. Inclúese un punto 4 no artigo 70 coa seguinte redacción:

«4. Dentro do prazo dos dous días seguintes ao da proclamación das candidaturas, remitiranse ás xuntas electorais correspondentes, preferentemente en formato electrónico, as suficientes papeletas das distintas formacións políticas que concorren ás eleccións para a súa entrega, preferentemente tamén en formato electrónico, a elas, para os efectos da súa reprodución para os envíos de publicidade e de propaganda electoral.»

Vinte e oito. O artigo 75 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 75. *Exercicio do voto por persoas que viven no estranxeiro.*

1. Nas eleccións a deputados, senadores, membros das asembleas legislativas das comunidades autónomas, membros das asembleas das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e deputados ao Parlamento Europeo, cando neste último caso se opte pola elección en España, os españois inscritos no censo dos electores residentes-ausentes que viven no estranxeiro deberán formular mediante impreso oficial a solicitude de voto dirixida á correspondente delegación provincial da Oficina do Censo Electoral, non máis tarde do vixésimo quinto día posterior ao da convocatoria. O dito impreso será remitido aos españois inscritos no mencionado censo, sen prexuízo de estar dispoñible desde o día seguinte ao da convocatoria electoral nas dependencias consulares e de se poder obter por vía telemática. Ao impreso de solicitude xuntarase fotocopia do pasaporte ou do documento nacional de identidade, expedidos polas autoridades españolas ou, na súa falta, certificación de nacionalidade ou de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular expedidas polo Consulado de España no país de residencia.

2. Recibida a solicitude, as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral remitirán ao enderezo da inscrición do elector as papeletas e o sobre ou sobres de votación, dous certificados idénticos de estar inscrito no Censo de residentes ausentes, así como un sobre en que debe figurar o enderezo da xunta electoral competente e outro co enderezo da oficina consular de carreira ou sección consular da misión diplomática en que está inscrito.

3. O envío débese realizar por correo certificado e non máis tarde do trixésimo cuarto día posterior ao da convocatoria, naquelas provincias onde non fose impugnada a proclamación de candidatos, e nas restantes, non máis tarde do cuadraxésimo segundo.

4. Os electores que opten por exercer por correo o seu dereito de voto deberán incluír no sobre dirixido á xunta electoral correspondente, xunto ao sobre ou sobres de votación e o certificado de estar inscrito no censo, fotocopia do pasaporte ou do documento nacional de identidade expedidos polas autoridades españolas ou, na súa falta, certificación de nacionalidade ou certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular expedidas polo Consulado de España no país de residencia e

enviar todo iso no sobre dirixido á oficina consular de carreira ou sección consular da misión diplomática a que o elector estea adscrito, por correo certificado non máis tarde do quinto día anterior ao día da elección.

5. Os electores que opten por depositar o voto en urna, farano entre o cuarto e segundo día, ambos inclusive, anteriores ao día da elección, entregando persoalmente os sobres naquelas oficinas ou seccións consulares en que estean inscritos ou nos lugares que para ese efecto se habiliten. Para este fin, as dependencias consulares habilitadas disporán dunha urna ou urnas custodiadas por un funcionario consular.

6. O elector acreditará a súa identidade ante o funcionario consular mediante o pasaporte, o documento nacional de identidade ou a certificación de nacionalidade ou de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular expedidas polo Consulado de España no país de residencia, e, logo de exhibición e entrega dun dos certificados de inscrición no Censo de residentes ausentes que previamente recibiu, depositará o sobre dirixido á xunta electoral competente para o seu escrutinio, unha vez que o funcionario consular estampe nese sobre o selo da oficina consular en que conste a data do seu depósito.

7. Durante os días sinalados para efectuar o depósito do voto en urna os responsables consulares deberán establecer as medidas para facilitar o seu exercicio polos electores, así como aquelas que se consideren necesarias para a correcta garda e custodia das urnas, que incluírán a súa precintaxe ao finalizar cada xornada. Os representantes das candidaturas concorrentes ás eleccións poderán estar presentes nas dependencias consulares habilitadas durante os días do depósito de voto en urna.

8. Finalizado o prazo do depósito do voto en urna, o funcionario consular expedirá unha acta que conterá o número de certificacións censuais recibidas e, de ser o caso, as incidencias que puideren producirse, así como o número de sobres recibidos por correo ata a finalización do depósito do voto en urna. Ao día seguinte, os sobres depositados polos electores e os recibidos por correo xunto á acta expedida polo funcionario consular deberán ser remitidos, mediante envío electoral, á oficina que para estes efectos se constituía no Ministerio de Asuntos Exteriores, a cal, pola súa vez, procederá ao envío urxente dos sobres ás xuntas electorais correspondentes.

9. En todos os supostos regulados neste artigo será indispensable para a validez destes votos que conste claramente no sobre mencionado un cuño ou outra inscrición oficial dunha oficina de Correos do Estado en cuestión ou, de ser o caso, da oficina consular de carreira ou sección consular da misión diplomática correspondente, que certifique, de modo indubidable, o cumprimento do requisito temporal que en cada caso se estipula.

10. O día do escrutinio xeral, e antes de proceder a el, a xunta electoral competente constitúese en mesa electoral, ás oito horas da mañá, cos interventores que para ese efecto designen as candidaturas concorrentes.

11. A continuación, o seu presidente procede a introducir na urna ou urnas os sobres de votación dos residentes ausentes recibidos ata ese día e o secretario anota os nomes dos votantes na correspondente lista.

Acto seguido, a xunta escruta todos estes votos e incorpora os resultados ao escrutinio xeral.

12. O Goberno, logo de informe da Xunta Electoral Central, pode regular os criterios e limitar os supostos de aplicación deste artigo, así como establecer outros procedementos para o voto dos residentes ausentes que vivan en Estados estranxeiros onde non é practicable o disposto neste artigo.»

Vinte e nove. Inclúese un punto 5 no artigo 79 coa seguinte redacción.

«5. Desde o momento en que tome posesión como interventor nunha mesa, a persoa designada xa non poderá exercer a función de apoderado noutras mesas electorais.»

Trinta. O punto 3 do artigo 86 queda redactado do seguinte modo:

«3. Cada elector manifestará o seu nome e apelidos ao presidente. Os vogais e interventores comprobarán, polo exame das listas do censo electoral ou das certificacións achegadas, o dereito a votar do elector, así como a súa identidade, que se xustificará conforme o disposto no artigo anterior. Inmediatamente, o elector entregarlle pola súa propia man ao presidente o sobre ou sobres de votación pechados. A continuación este, sen ocultalos nin un momento á vista do público, dirá en voz alta o nome do elector e, engadindo "Vota", entregará o sobre ou sobres ao elector, quen os depositará na urna ou urnas.»

Trinta e un. O punto 2 do artigo 87 queda redactado do seguinte modo:

«2. No entanto, o Goberno, logo de informe da Xunta Electoral Central, regulará un procedemento de votación para as persoas cegas ou con discapacidade visual que lles permita exercer o seu dereito de sufraxio, garantindo o segredo do voto, que se aplicará, en todo caso, ás eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado, ás eleccións ao Parlamento Europeo e aos supostos de referendo.»

Trinta e dous. O punto 2 do artigo 96 queda redactado do seguinte modo:

«2. Serán tamén nulos en todos os procesos electorais os votos emitidos en papeletas en que se modificaron, engadiron ou riscaron nomes de candidatos comprendidos nelas ou se alterou a súa orde de colocación, así como aquelas en que se introduciu calquera lenda ou expresión ou se produciu calquera outra alteración de carácter voluntario ou intencionado.»

Trinta e tres. O punto 2 do artigo 127 queda redactado do seguinte modo:

«2. Tanto o devengo como o pagamento das ditas subvencións ás formacións políticas ou a calquera outra persoa ou entidade á cal, por calquera título, se transmitiu o crédito correspondente poderán quedar condicionados, se así o acorda a Administración electoral, á xustificación da adquisición polos electos pertencentes a partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e do exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos por cuxa elección e desempeño se devengasen ou se devenguen as citadas subvencións. A comprobación e certificación destes supostos corresponderalles aos órganos de goberno da institución en que se deba exercer o dito cargo.»

Trinta e catro. O artigo 129 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 129. *Límite de achega.*

Ningunha persoa, física ou xurídica, pode achegar máis de 10.000 euros ás contas abertas por un mesmo partido, federación, coalición ou agrupación para recadar fondos nas eleccións convocadas.»

Trinta e cinco. O punto 1 do artigo 131 queda redactado do seguinte modo:

«1. Ningún partido, federación, coalición ou agrupación pode realizar gastos electorais que superen os límites establecidos nas disposicións especiais desta lei, que se entenderán sempre referidos en euros constantes.»

Trinta e seis. O punto 4 do artigo 133 queda redactado do seguinte modo:

«4. O Estado, no prazo de 30 días posteriores ao da presentación ante o Tribunal de Contas da súa contabilidade e en concepto de adianto mentres non conclúan as actuacións do Tribunal de Contas, entregaralles aos administradores electorais o 90% do importe das subvencións que, de acordo cos criterios establecidos nesta lei, lles corresponda de acordo cos resultados xerais publicados no “Boletín Oficial del Estado”, descontado, de ser o caso, o anticipo a que se refire o punto 1 do artigo 127 bis desta lei. No dito acto, os partidos, coalicións, federacións e agrupacións de electores deberán presentar, para poder percibir ese anticipo, aval bancario polo 10% da subvención percibida, así como, se así o acorda a Administración electoral, certificación expedida polo órgano correspondente que acredite fidedignamente a adquisición polos electos pertencentes ás ditas formacións políticas da condición plena de deputado, senador, membro do Parlamento Europeo ou membro da correspondente corporación local e o exercicio efectivo do cargo para o que fosen elixidos e por cuxa elección se devengasen ou se devenguen as subvencións recollidas nesta lei.

Tampouco procederá a concesión dese adianto cando na formación política figuren persoas nas cales concorra a circunstancia a que se refire a alínea b do punto 2 do artigo 6 desta lei.»

Trinta e sete. O punto 5 do artigo 133 queda redactado do seguinte modo:

«5. Nos mesmos termos deben informar o Tribunal de Contas as empresas que tivesen facturado con aqueles partidos e asociacións mencionados no parágrafo primeiro, por gastos electorais superiores a 10.000 euros.»

Trinta e oito. O primeiro parágrafo do artigo 139 queda redactado do seguinte modo:

«Serán castigados coas penas de seis meses a dous anos e de multa de seis a vinte e catro meses os funcionarios públicos que:...»

O resto igual.

Trinta e nove. O artigo 140 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 140. *Delitos por abuso de oficio ou falsidade.*

1. Serán castigados coas penas de prisión de tres a sete anos e multa de dezaioito a vinte e catro meses os funcionarios que, abusando do seu oficio ou cargo, realicen algunha das seguintes falsidades:... [O resto igual].

2. Se as falsidades a que se refire este artigo se cometen por imprudencia grave, serán sancionadas coa pena de multa de doce a vinte e catro meses.»

Corenta. O artigo 141 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 141. *Delito por infracción dos trámites para o voto por correo.*

1. O particular que vulnere os trámites establecidos para o voto por correo será castigado coas penas de prisión de tres meses a un ano ou a de multa de seis a vinte e catro meses.

2. O particular que participe nalgunha das falsidades sinaladas no artigo anterior será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos.»

Corenta e un. O artigo 142 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 142. *Delito por emisión de varios votos ou emisión sen capacidade.*

Quen vote dúas ou máis veces na mesma elección ou quen vote sen capacidade para facelo será castigado coas penas de prisión de seis meses a dous anos, multa

de seis meses a dous anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público de un a tres anos.»

Corenta e dous. O artigo 143 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 143. *Delitos por abandono ou incumprimento nas mesas electorais.*

O presidente e os vogais das mesas electorais, así como os seus respectivos suplentes, que deixen de concorrer ou desempeñar as súas funcións, as abandonen sen causa lexítima ou incumplan sen causa xustificada as obrigacións de escusa ou aviso previo que lles impón esta lei, incorrerán na pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a vinte e catro meses.»

Corenta e tres. O artigo 144 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 144. *Delitos en materia de propaganda electoral.*

1. Serán castigados coa pena de prisión de tres meses a un ano ou a de multa de seis a vinte e catro meses os que leven a cabo algún dos actos seguintes:

a) Realizar actos de propaganda unha vez finalizado o prazo da campaña electoral.

b) Infrinxir as normas legais en materia de carteis electorais e os seus espazos reservados, así como as normas relativas ás reunións e outros actos públicos de propaganda electoral.

2. Serán castigados coas penas de prisión de seis meses a dous anos e a de multa de seis meses a un ano os membros en activo das Forzas Armadas e Seguridade do Estado, das policía das comunidades autónomas e locais, os xuíces, maxistrados e fiscais e os membros das xuntas electorais que difundan propaganda electoral ou leven a cabo outras actividades de campaña electoral.»

Corenta e catro. O artigo 145 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 145. *Delitos en materia de enquisas electorais.*

Quen infrinxa a normativa vixente en materia de enquisas electorais será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio por tempo de un a tres anos.»

Corenta e cinco. O artigo 146 queda redactado do seguinte modo:

«1. Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos ou multa de doce a vinte e catro meses:

a) Os que por medio de recompensa, dádivas, remuneracións ou promesas destas, soliciten directa ou indirectamente o voto dalgún elector ou o induzan á abstención.

b) Os que con violencia ou intimidación inflúan nos electores para que non usen do seu dereito, exerzan contra a súa vontade ou descubran o segredo de voto.

c) Os que impidan ou dificulten inxustificadamente a entrada, saída ou permanencia dos electores, candidatos, apoderados, interventores e notarios nos lugares en que se realicen actos do procedemento electoral.

2. Os funcionarios públicos que usen das súas competencias para algúns dos fins sinalados neste artigo incorrerán nas penas sinaladas no número anterior e, ademais, na inhabilitación especial para emprego ou cargo público de un a tres anos.»

Corenta e seis. O artigo 147 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 147. *Delito de alteración da orde do acto electoral.*

Os que perturben gravemente a orde en calquera acto electoral ou penetren nos locais onde estes se celebren portando armas ou outros instrumentos susceptibles de ser usados como tales, serán castigados coa pena de prisión de tres a doce meses ou a multa de seis a vinte e catro meses.»

Corenta e sete. O punto 1 do artigo 149 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os administradores xerais e das candidaturas dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que falseen as contas, reflectindo ou omitindo indebidamente nelas achegas ou gastos ou usando calquera artificio que supoña aumento ou diminución das partidas contables, serán castigados coa pena de prisión de un a catro anos e multa de doce a vinte e catro meses.»

Corenta e oito. O artigo 150 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 150. *Delito de apropiación indebida de fondos electorais.*

1. Os administradores xerais e das candidaturas, así como as persoas autorizadas a dispor das contas electorais, que se apropien ou distraian fondos para fins distintos dos recollidos nesta lei serán sancionados coas penas de prisión de un a catro anos e multa de seis a doce meses, se os fondos apropiados ou distraídos non superan os 50.000 euros, e de prisión de dous a seis anos e multa de doce a vinte e catro meses, en caso contrario.

2. Os tribunais, tendo en conta a gravidade do feito e as súas circunstancias, as condicións do culpable e a finalidade perseguida por este, poderán impor a pena de prisión de seis meses a un ano e a de multa de tres a seis meses.»

Corenta e nove. Suprímese o punto 3 do artigo 153 e os puntos 1 e 2 do artigo 153 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Toda infracción das normas obrigatorias establecidas nesta lei que non constituía delito será sancionada pola xunta electoral competente. A multa será de 300 a 3.000 euros se se trata de autoridades ou funcionarios e de 100 a 1.000 se é realizada por particulares.

2. As infraccións do disposto nesta lei sobre réxime de enquisas electorais serán sancionadas con multa de 3.000 a 30.000 euros.»

Cincuenta. O punto 2 do artigo 155 queda redactado do seguinte modo:

«2. Son tamén incompatibles:

a) O presidente da Comisión Nacional da Competencia.

b) Os membros do Consello de Administración da Corporación de Radio Televisión Española.»

A alínea c) igual.

«d) Os delegados do Goberno en autoridades portuarias, confederacións hidrográficas, sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe e nos entes mencionados no parágrafo seguinte.»

A alínea e) igual.

Cincuenta e un. O punto 3 do artigo 169 queda redactado do seguinte modo:

«3. Para presentar candidaturas, as agrupacións de electores necesitarán, polo menos, a sinatura do 1% dos inscritos no censo electoral da circunscrición. Os

partidos, federacións ou coalicións que non obtivesen representación en ningunha das Cámaras na anterior convocatoria de eleccións necesitarán a sinatura, polo menos, do 0,1% dos electores inscritos no censo electoral da circunscrición pola que pretendan a súa elección. Ningún elector poderá prestar a súa sinatura a máis dunha candidatura.»

Cincuenta e dous. O artigo 175 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 175. *Subvención de gastos en eleccións ao Congreso e Senado.*

1. O Estado subvenciona os gastos que orixinen as actividades electorais de acordo coas seguintes regras:

- a) 21.167,64 por cada escano obtido no Congreso dos Deputados ou no Senado.
- b) 0,81 euros por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura ao Congreso, un de cuxos membros, polo menos, obtivese escano de deputado.
- c) 0,32 euros por cada un dos votos conseguidos por cada candidato que obtivese escano de senador.

2. Para as eleccións ás Cortes Xerais ou a calquera das súas cámaras, o límite dos gastos electorais será o que resulte de multiplicar por 0,37 euros o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito das circunscricións onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación.

3. Ademais das subvencións a que se refiren os puntos anteriores, o Estado subvencionaralles aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións os gastos electorais orixinados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral de acordo coas regras seguintes:

a) Aboaranse 0,22 euros por elector en cada unha das circunscricións en que presentase lista ao Congreso dos Deputados e ao Senado, sempre que a candidatura de referencia obtivese o número de deputados ou senadores ou de votos precisos para constituír un grupo parlamentario nunha ou noutra Cámara.

A obtención de grupo parlamentario en ambas as Cámaras non dará dereito a percibir a subvención máis que unha soa vez.

b) A cantidade subvencionada non estará incluída dentro do límite previsto no punto 2 deste artigo, sempre que se xustificase a realización efectiva da actividade a que se refire este punto.

4. As cantidades mencionadas nos puntos anteriores refírense a euros constantes. Por orde do Ministerio de Economía e Facenda fíxanse as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes ao da convocatoria.

5. Non procederá o pagamento das subvencións nos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

Cincuenta e tres. O punto 1 do artigo 179 queda redactado do seguinte modo:

«1. Cada termo municipal constituíe unha circunscrición na cal se elixe o número de concelleiros que resulte da aplicación da seguinte escala:

Ata 100 residentes: 3.

De 101 a 250 residentes: 5.»

O resto igual.

Cincuenta e catro. O artigo 184 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 184. *Concelleiros de municipios con poboación inferior a 250 habitantes e non sometidos a réxime de concello aberto.*

a) Cada partido, coalición, federación ou agrupación poderá presentar unha lista como máximo de tres nomes se o municipio ten ata 100 residentes ou de cinco nomes se ten entre 101 e 250 residentes.

b) Cada elector poderá dar o seu voto a un máximo de dous entre os candidatos proclamados no distrito en caso de municipios de ata 100 residentes ou a un máximo de catro nos municipios entre 101 e 250 residentes.

c) Efectuarase a contaxe de votos obtidos por cada candidato no distrito e ordenaranse nunha columna as cantidades representativas de maior a menor.

d) Serán proclamados electos aqueles candidatos que obteñan maior número de votos ata completar o número total de concelleiros que se poderán elixir en función da poboación.

e) Os casos de empate resolveranse por sorteo.

f) En caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun concelleiro, a vacante será atribuída ao candidato seguinte que máis votos obtivese.»

Cincuenta e cinco. Suprímese o artigo 190.

Cincuenta e seis. O artigo 193 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 193. *Subvencións de gastos electorais municipais.*

1. O Estado subvenciona os gastos que orixinen as actividades electorais de acordo coas seguintes regras:

a) 270,90 euros por cada concelleiro electo.

b) 0,54 euros por cada un dos votos obtidos por cada candidatura, un de cuxos membros, polo menos, fose proclamado concelleiro.

2. Para as eleccións municipais o límite dos gastos electorais será o que resulte de multiplicar por 0,11 euros o número de habitantes correspondentes ás poboacións de dereito das circunscricións onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación. Por cada provincia, aqueles que concorran ás eleccións en, polo menos, o 50 por 100 dos seus municipios, poderán gastar, ademais, outros 150.301,11 euros por cada unha das provincias en que cumpran a referida condición.

3. Ademais das subvencións a que se refiren os puntos anteriores, o Estado subvencionaralles aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións os gastos electorais orixinados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral de acordo coas regras seguintes:

a) Aboaranse 0,22 euros por elector en cada unha das circunscricións en que obtivese representación nas corporacións locais de que se trate, sempre que a candidatura de referencia presentase listas no 50 por 100 dos municipios de máis de 10.000 habitantes da provincia correspondente e obtivese, polo menos, representación no 50 por 100 deles.

b) A cantidade subvencionada non estará incluída dentro do límite previsto no punto 2 deste artigo, sempre que se xustificase a realización efectiva da actividade a que se refire este punto.

4. As cantidades mencionadas nos puntos anteriores refírense a euros constantes. Por orde do Ministerio de Economía e Facenda fíxanse as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes ao da convocatoria.

5. Non procederá o pagamento das subvencións nos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

Cincuenta e sete. O punto 1 do artigo 197 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 197. *Moción de censura do alcalde.*

1. O alcalde pode ser destituído mediante moción de censura, cuxa presentación, tramitación e votación se rexerán polas seguintes normas:

a) A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación e deberá incluír un candidato á alcaldía. Poderao ser calquera concelleiro cuxa aceptación expresa conste no escrito de proposición da moción.

No caso de que algún dos propoñentes da moción de censura forme ou formase parte do grupo político municipal a que pertence o alcalde cuxa censura se propón, a maioría exixida no parágrafo anterior verase incrementada no mesmo número de concelleiros que se atopen en tales circunstancias.

Este mesmo suposto será de aplicación cando algún dos concelleiros propoñentes da moción deixase de pertencer, por calquera causa, ao grupo político municipal ao cal se adscribiu ao comezo do seu mandato.»

As alíneas b), c) e d) igual.

«e) A mesa limitarase a dar lectura á moción de censura, constatando para poder seguir coa súa tramitación que nese mesmo momento se manteñen os requisitos exixidos nos tres parágrafos da alínea a), dándolles a palabra, de ser o caso, durante un breve tempo, se estiveren presentes, ao candidato á alcaldía, ao alcalde e aos voceiros dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura.»

Cincuenta e oito. Os puntos 9 e 10 do artigo 201 quedan redactados do seguinte modo:

«[...]

9. O Estado subvencionaralles os gastos que orixinen as eleccións aos cabidos insulares de acordo coas seguintes regras:

a) 1.625,44 euros por cada conselleiro insular electo.

b) 0,65 euros por cada un dos votos obtidos por cada candidatura, un de cuxos membros, polo menos, tivese sido proclamado conselleiro insular.

10. Para as eleccións a cabidos insulares o límite dos gastos electorais será o que resulte de multiplicar por 0,16 euros o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito de cada unha das illas onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación.

[...]»

Cincuenta e nove. Inclúense dous parágrafos no punto 1 do artigo 205 coa seguinte redacción:

«[...]

O proceso de constitución das deputacións deberase aprazar ata que se resolvan previamente todos os recursos contencioso-electorais contra a proclamación de concelleiros electos nos municipios da provincia.

No caso de que se deban convocar novas eleccións nalgún municipio da provincia, ben por non se presentar ningunha candidatura, ben por se anular total ou parcialmente o proceso como consecuencia dos correspondentes recursos contencioso-electorais, non se posporá a constitución da deputación provincial, aínda que, no suposto de que como consecuencia da celebración de eleccións locais parciais se altere a atribución de postos na deputación provincial, as xuntas electorais de zona deberán realizar as operacións necesarias para facer unha nova asignación.»

Sesenta. O punto 2 do artigo 205 queda redactado do seguinte modo:

«2. Para os efectos previstos no número anterior, nos municipios de menos de 250 habitantes a que se refire o artigo 184 desta lei, o número de votos que cómpre ter en conta por cada candidatura obtense dividindo a suma dos votos obtidos por cada un dos seus compoñentes entre o número de candidatos que formaban a correspondente lista ata un máximo de catro. Corríxense por defecto as fraccións resultantes.»

Sesenta e un. O artigo 227 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 227. *Subvención de gastos electorais para o Parlamento Europeo.*

1. O Estado subvenciona os gastos que orixinan as actividades electorais de acordo coas seguintes regras:

- a) 32.508,74 euros por cada escano obtido.
- b) 1,08 euros por cada un dos votos obtidos por cada candidatura, un de cuxos membros, polo menos, obtívase escano de deputado.

2. Para as eleccións ao Parlamento Europeo, o límite dos gastos electorais será o que resulte de multiplicar por 0,19 euros o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito nas seccións electorais onde se solicita que se efectúe a difusión das papeletas.

3. Ademais das subvencións a que se refiren os puntos anteriores, o Estado subvencionaralles aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións os gastos electorais orixinados polo envío directo e persoal aos electores, en polo menos unha comunidade autónoma, de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral de acordo coas regras seguintes:

- a) Aboaranse 0,16 euros por elector, sempre que a candidatura obtívase polo menos un deputado e como mínimo un 15 por 100 dos votos válidos emitidos.
- b) Aboaranse 0,11 euros por elector, sempre que a candidatura obtívase polo menos un deputado e como mínimo un 6 por 100 dos votos válidos emitidos.
- c) Aboaranse 0,03 euros por elector, sempre que a candidatura obtívase polo menos un deputado e como mínimo un 3 por 100 dos votos válidos emitidos.
- d) Aboarase 0,02 euros por elector, sempre que a candidatura obtívase polo menos un deputado e como mínimo un 1 por 100 dos votos válidos emitidos.

A cantidade subvencionada non estará incluída dentro do límite previsto no punto 2 deste artigo, sempre que se xustificase a realización efectiva da actividade a que se refire este punto.

4. As cantidades mencionadas nos puntos anteriores refírense a euros constantes. Por orde do Ministerio de Economía e Facenda fíxanse as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes ao da convocatoria de eleccións.

5. Non procederá o pagamento das subvencións nos supostos establecidos nos puntos 2, 3 e 4 do artigo 127 desta lei.»

Sesenta e dous. O punto 2 da disposición adicional primeira queda redactado do seguinte modo:

«2. En aplicación das competencias que a Constitución lle reserva ao Estado, aplícanse tamén ás eleccións a asembleas lexislativas de comunidades autónomas convocadas por estas os seguintes artigos do título I desta lei orgánica: 1 ao 42; 44; 44 bis; 45; 46.1, 2, 4, 5, 6 e 8; 47.4; 49; 50.1, 2 e 3; 51.2 e 3; 52; 53; 54; 58; 59; 60; 61; 62; 63; 65; 66; 68; 69; 70.1 e 3; 72; 73; 74; 75; 85; 86.1; 87.2; 90; 91; 92; 93; 94; 95.3; 96; 103.2; 108.2 e 8; 109 a 119; 125 a 130; 131.2; 132; 135 a 152.»

Sesenta e tres. Inclúese unha disposición transitoria oitava coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Conxelación de subvencións para gastos electorais e envíos de publicidade e propaganda electoral.*

As subvencións referidas nos artigos 175.1.a), b) e c); 193.1.a) e b); 175.3.a); 193.3.a) entenderanse conxeladas con data do 31 de decembro de 2010 durante o exercicio 2011.»

Disposición adicional única. *Actualización das subvencións por votos, escanos e envíos electorais.*

As cantidades referidas a subvencións por voto e escano ás formacións políticas, así como para os envíos de publicidade e propaganda electoral, foron actualizadas con data do 1 de agosto de 2010.

Disposición transitoria primeira.

Os límites dos gastos a que se refiren os artigos 175.2, 193.2, 201.10 e 227.2 para cada un dos procesos electorais rexistrarán unha redución do 15 por cento sobre a cifra actualizada por orde do Ministerio de Economía e Facenda nos cinco días seguintes ao da primeira convocatoria electoral de que se trate.

Disposición transitoria segunda. *Censo electoral vixente para as eleccións de maio de 2011.*

Sen prexuízo do previsto no punto 1 do artigo 39 da Lei orgánica do réxime electoral xeral, o censo electoral vixente para as eleccións que terán lugar o 22 de maio de 2011 será o pechado o 1 de febreiro de 2011.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas a Lei orgánica 2/1988, do 3 de maio, reguladora da publicidade electoral en emisoras de televisión privada e cantas normas ou disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

1. O artigo 29 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29.

1. Funcionan en concello aberto:

a) Os municipios que tradicional e voluntariamente contén con ese singular réxime de goberno e administración.

b) Aqueloutros en que pola súa localización xeográfica, a mellor xestión dos intereses municipais ou outras circunstancias o fagan aconsellable.

2. A constitución en concello aberto dos municipios a que se refire a alínea b) do número anterior require petición da maioría dos veciños, decisión favorable por maioría de dous terzos dos membros do concello e aprobación pola comunidade autónoma.

3. No réxime de concello aberto, o goberno e a administración municipais corresponden a un alcalde e unha asemblea veciñal da que forman parte todos os electores. Axustan o seu funcionamento aos usos, costumes e tradicións locais e, na súa falta, ao establecido nesta lei e nas leis das comunidades autónomas sobre réxime local.

4. Non obstante o anterior, os alcaldes das corporacións de municipios de menos de 100 residentes poderán convocar os seus veciños a concello aberto para decisións de especial transcendencia para o municipio. Se así o fixeren, deberanse someter obrigatoriamente ao criterio da asemblea veciñal constituída para o efecto.

Os municipios que con anterioridade estaban obrigados por lei, en función do número de residentes, a funcionar en concello aberto poderán continuar con ese réxime especial de goberno e administración se tras a sesión constitutiva da corporación, convocada a asemblea veciñal, así o acordaren por unanimidade os tres membros electos e a maioría dos veciños.»

2. Engádese unha nova alínea c) no punto 2 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que terá a seguinte redacción:

«c) O pleno constitúese validamente coa asistencia dun terzo do mínimo legal dos seus membros, que nunca poderá ser inferior a tres. Nos municipios de ata 100 residentes, que non funcionen en réxime de concello aberto, o pleno constituirase validamente coa asistencia do número legal dos seus membros, que nunca deberá ser inferior a dous. Estes quórumos deberanse manter durante toda a sesión.

En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario da corporación ou dos que legalmente os substitúan.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de xaneiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO